

## PERCORRIDO

Tomamos inicio na poboación de a Barrela para tomar dirección Castro pola estrada LU-P1001. A entrada do pobo de Castro collemos un desvío á dereita pola LU-P1004 dirección á Temes, debemos circular por esta estrada sen tomar ningún desvío 13.5km. No lugar de Temes a igrexa atópase á esquerda da estrada.

Outra opción é entrar pola localidade de Os Peares e tomar dirección á Peroxa e a 500m desvío á esquerda cara Temes e Castro pola estrada LU-P1004 pola que chegaremos á Temes tras 6km, atopando á igrexa de Santa María á dereita da estrada.

## INTRODUCCIÓN

Xa se ten coñecemento dunha hermiña “no término do mosteiro de Temanes” nun documento do ano 997. A xurisdición de Temes aparece con frecuencia en documentos medievais pertencentes ó mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil a causa dos litixios suscitados pola posesión de encomendas situadas en lugares fronteirizos. Coa presenza dos monxes de Sobrado na granxa de San Lourenzo agudízase o clima de contenda entre a potestade diocesana do bispo de Ourense e as interferencias monacais. O edificio que hoxe vemos foi restaurado no século XVIII como consta nunha inscrición existente nunha viga interior “ REEDIFICOSE ESTA IGLESIA SIENDO ABAD DELLA D. JVAN MENDEZ AÑO DE 1770”.Outra reforma posterior, a principios do século XX, (segundo documentos do arquivo parroquial) afectou a fachada na que se aumentaron 3 metros hoxe claramente visibles na diferenciación da fábrica da fachada.

## OUTRAS PEZAS



POMBA ETAPA PALEOCRISTIÁ



CAPITEL ROMANO



CAPITEIS ROMANOS




PINTURAS BAROCAS

### Bibliografía:

- El complejo de Temes. Jaime Delgado Gómez.
- Inventario Atístico de Lugo y su provincia. VV.AA



# O COMPLEXO DE TEMES



UNHA VIAXE DE ROMA A CARBALLEDO

## DESCRIPCIÓN ARTÍSTICA

Teríamos que destacar unhas épocas claramente diferenciadas a hora de falar deste templo e todos os restos atopados, coñecido todo como Complexo de Temes:

- **Da etapa Prerromana e Romana**

dan fe a serie de castros que se atopan no entorno de Temes, o primeiro deles o castro da Roda que está na poboación limítrofe de San Román de Campos. Xusto en fronte, o outro lado do río Búbal está o castro da Touza (Oleiros) e un pouco máis arriba está o castro de Veascós. Se falamos de época Romana destaca o achado dunha ara romana dedicada os deuses "Lares Viales", pero o seu desgaste na parte inferior non permite identificar o seu dedicante. Esta ara con outros restos atópase no interior da igrexa o lado do retablo da parte dereita. Esta ara foi atopada polo párroco de Temes Don Segundo Capón Linares no 1978 cando limpaba de cal as paredes interiores da igrexa, e atopábase moi cerca da tapa do sarcófago, a uns dous metros do pavimento.



ARA ROMANA

- **Na etapa paleocristiá,**

destaca por encima de calquera outro resto, a tapa do sarcófago, un testemuño iconográfico esculpido en mármore.

A tapa do sarcófago chegou a Temes dende Roma para facer un mausoleo do que hoxe so temos hipóteses, dado que non hai documentos que dean fe exacta da súa existencia e non se chegou a atopar a caixa do sarcófago. Pero a aparición dos capiteis, pilastras e columnas fannos pensar nesa existencia.

Chegarían os materiais, para o mausoleo, a Temes, ben polo Miño arriba, que era navegable ata o próximo pobo dos Peares, ou ben polo Sil abaixo dende a Meseta Norte. Esta tapa de sarcófago é a única enteira en España e comparouse con outras atopadas en Roma e en España (Barcelona) e polo seu estilo, considérase do período 320-330.

É unha peza rectangular en forma de placa, de mármore que ten unhas medidas de 25x214x10/12cm. Está dividida en tres compartimentos verticais e no centro leva unha placa lisa destinada á unha inscrición inexistente. Esta tapa representa á dereita da placa a escena da Adoración dos reis Magos e Adán e Eva; No lado esquerdo da placa a historia do profeta Xonás.

No compartimento dedicado a Adoración dos reis Magos aparece a Virxe co Neno no regazo e con túnica e palio recibe os tres reis Magos, estes con manto, calzóns e característico gorro puntiagudo, que van seguidos dos camelos.

No segundo compartimento represéntase no centro un tronco de árbore flanqueado por Adán e Eva. A figura de Eva, está mellor conservada que a de Adán e apréciase como tende a man cara a árbore na que se enrosca a serpe.

O terceiro compartimento, que ven despois da placa destinada á inscrición, representa a historia do profeta Xonás. Vese como un gran cetáceo traga a Xonás diante de tres mozos, a continuación, o cetáceo deslízase polas augas e cerra a escena o repouso do profeta baixo unha cabaza.

Outros achados son uns capiteis romanos; uns son hoxe o soporte do actual altar, outros dous están no exterior norte e sur do muro do presbiterio, outro fai de pe da pila bautismal, e un capitel con pileta cadrada, decorada con sogueado, fai de pía de auga bendita. Estes restos dátanse do primeiro terzo do século IV, dado que viñeron xunto co sarcófago para facer un mausoleo. Apareceron tamén dúas pilastras mutiladas, unha delas fai de mesa do altar, a outra aínda está encaixada no muro sur do presbiterio.

Atópase tamén neste templo a primeira inscrición cristiá de Galicia e unha pomba esculpida en pedra, que tamén formarían parte do mausoleo.




ADORACIÓN DOS REIS MAGOS DA TAPA DO SARCÓFAGO



PRIMEIRA INSCRIPCIÓN CRISTIÁ DE GALICIA

- **Da etapa cristiano visigoda**

é a pedra que se atopa no interior do muro norte da nave, na que se lee "SACRATO TEMPLI II KL / DCBS IN ERA DCCC/(X) L (A) (I) II, o que lemos entre paréntese é unha hipótese, xa que non se aprecia con claridade. Esta inscrición ven a dicir: "La consagración del templo fue dos días antes de las kalendas de Diciembre (30 de noviembre), en la era 843 (año 805)". Esta sería a consagración do templo como cristián, despois dunha posible etapa como igrexa doméstica.



CONSAGRACIÓN DO TEMPLO

- **Da etapa, renacentista barroca e contemporánea**

temos en primeiro lugar as pinturas murais que están, no muro testeiro da ábsida tralo retablo principal, e que foron descubertas durante unha restauración do retablo barroco no 1992.

Estas pinturas representan a un anxo co dedo alzado e mirando cara a dereita onde está María, aparecen tamén unha pomba e un xarrón. Na parte alta do recadro aparece a figura do pai eterno que sostén na man esquerda a típica bola. A data destas pinturas parece ser barroca, de época da reedificación da igrexa (1770). Non obstante na parte baixa do muro apareceron outras pinturas de época claramente anterior, dado que están debaixo das primeiras, e nas que se pode rve un rostro de beleza gótico-renacentista;

No retablo principal destaca o sagrario de tipo renacentista, que data de finais do século XVI, este presenta a Cristo resucitado na porta, a San Pedro e San Pablo nos laterais. O retablo maior é salomónico que data do século XVII.



DETALLE DO SAGRARIO RENACENTISTA DO ALTA MAIOR